

## ANUNCIO

Publícase, para xeral coñecemento, a Resolución da Alcaldía núm. 780/2024, do 24 de xuño, que transcrita di:

### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Tendo previsto ausentarme do termo municipal do día 28 de xuño ao 7 de xullo de 2024, ambos os dous incluídos, tal e como fixen constar no escrito rexistrado de entrada ao núm. 202400000003012, o día 21 de xuño de 2024, de conformidade co establecido no artigo 60 de Regulamento orgánico municipal,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Delegar a totalidade de funcións que ostenta esta Alcaldía no primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós, que as exercerá do día 28 de xuño de 2024 ao día 7 de xullo de 2024, ambos os dous incluídos.

**Segundo.-** Notificar a presente resolución ao interesado, dar conta á Corporación mediante comunicación escrita ao voceiro de cada grupo político, e publicar no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do concello.

**Terceiro.-** De conformidade co establecido nos artigos 60 e 61 do Regulamento orgánico municipal, a delegación surtirá efectos dende a data que dispón a propia resolución, e o tenente de alcalde que asume as funcións non poderá revogar as delegacións outorgadas polo alcalde, en virtude do disposto nos artigos 47, 48 e 49 do propio regulamento.”

Cambre, na data da sinatura dixital

A alcaldesa

María Dolores Pan Lesta